



COGAMI

Confederación Galega de Persoas con Discapacidade



A asociación de persoas con discapacidade Vontade inaugura as instalacións do centro de recursos que ten en Tomiño

- A Conselleira de Traballo e Benestar, a Alcaldesa de Tomiño, o Director Xeral de Desenvolvemento Rural e o Presidente de COGAMI participaron na inauguración.
- O novo centro, que actualmente presta servizo a 18 persoas da comarca do Baixo Miño, conta con prazas de centro de día e ocupacional que intentan potenciar a autonomía das persoas a través de diferentes programas.
- A posta en marcha deste centro da asociación Vontade foi posible ás axudas concedidas a través da Fundación ONCE, o IRPF de 2011, Agader a través do GDR 18, o Concello de Tomiño e Comunidade de Montes, a Deputación de Pontevedra e Fondos Propios.

Tomiño, 8-11-13. A Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, a Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, o Director Xeral de Desenvolvemento Rural, Antonio Crespo, e o Presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), Anxo Queiruga, acompañaron ao Presidente da Asociación Vontade de Persoas con Discapacidade do Baixo Miño, Miguel Pazo, durante a inauguración das instalacións novas do centro de recursos que ten en Tomiño.

Este acto estivo tamén arroupado por máis de 140 persoas convidadas entre as que se atopaban os Alcaldes de A Guarda, O Rosal e O Porriño, a Secretaria Xeral de Política Social, ademais doutros representantes de entidades locais, da Xunta de Galicia, persoas usuarias do centro, persoas asociadas da entidade, patrocinadores e financeiros ademais doutras entidades sociais, empresariais e veciñais.

Trala chegada e recepción das autoridades, procedeuse a descubrir unha placa situada no vestíbulo do centro de recursos e que foi Beatriz Mato quen se encargou de ensinar o distintivo. Posteriormente, as autoridades, guiadas polo



COGAMI

Confederación Galega de
Persoas con Discapacidade



Presidente de Vontade, realizaron un recorrido por todas as salas e estancias do centro para rematar no salón nos que agardaban os resto dos convidados.

Centro de Recursos de Vontade

Situado en Tomiño, no barrio de A Rocha, o centro foi construído nunha parcela de 4.700 m2 co fin de poder ofrecerlles ás persoas con discapacidade do Baixo Miño programas de apoio individualizados que lles permitirán mellorar a súa autonomía e, por conseguinte, conseguir unha integración social e laboral.

As instalacións ofertan 25 prazas de centro de día e 35 de centro ocupacional. O centro de día serve como estancia diúrna, destinado a proporcionar ás persoas con discapacidade gravemente afectadas atención rehabilitadora, habilitación persoal e social, coidados persoais e asistencia especializada co fin de acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades e a maior integración social posible.

O centro ocupacional é tamén de atención diúrna, especializado, aberto e polivalente, que ofrece servizos e programas dirixidos á integración e rehabilitación educativa, psicosocial, física e prelaboral das persoas con discapacidade, mediante a realización de actividades capacitadoras, terapéuticas e rehabilitadoras de formación e de axuste persoal e social.

En canto ás dependencias, estas contan cun despacho que supón a primeira toma de contacto coa persoa usuaria ou familiar, onde se ofrecen servizos de información e asesoramento; unha sala de atención especializada na se desenvolven servizos e programas de atención psicolóxica, de logopedia, de adestramento en hábitos e condutas; existe un comedor que serve tanto como estancia para xantar como para utilizar como espazo de lecer, habilitado con televisión, equipo de música, prensa, xogos de mesa, etc. Tamén o centro dispón de cociña equipada con mobiliario e instrumental.

Arestora son 18 as persoas que acoden a diario ata o centro para formar parte de programas que fomentan a súa autonomía, estando estes relacionados coa saúde, coa formación pre-laboral, coa inserción laboral e tamén co lecer.